

CULTURA GALEGA (culturagalega.org)

**MIGUELANXO FERNÁNDEZ, OS DIRECTORES DE PLAY DOC E ALFONSO PATO
SELECCIONAN CELA 211 COMO A PRODUCCIÓN GALEGA DO ANO**

Audiovisual: Cela 211

5 / 1 / 2010

Santiago. Redacción

Ao igual que aconteceu con outros sectores culturais, o audiovisual estivo moi marcado pola mudanza de goberno e os cambios normativos que se desenvolveron a nivel estatal e europeo. O decreto que desenvolve a Lei do Cine, a nova Lei Xeral Audiovisual, o cambio do goberno en Galicia... A produción galega intensificouse en canto a curtametraxes, mantívose en documentais e caeu en longametraxes. As fontes consultadas destacan un título propio: *Cela 211*.

Miguelanxo Fernández, escritor, ensaísta e investigador cinematográfico galego; Sara García e Ángel Sánchez, codirectores de PlayDoc, o festival de documentais de Tui; e Alfonso Pato, director do desaparecido programa da TVG *Banda curta* coinciden en seleccionar a *Cela 211* como a produción galega do ano, "aínda que teña director de fóra" como apunta Miguelanxo Fernández.

[...]

Entre as diferenzas, os directores de Play Doc, escolleron un documental atípico. Trátase de *Tanyaradzwa* polo uso arriscado da linguaxe cinematográfica e a busca experimental de novas formas de narración. "Un documental audaz e independente con una marcada personalidade, completamente al margen de todos los estándares" apuntan. No campo documental, Miguelanxo Fernández escolleu *Señora de...*, o traballo elaborado por Patricia Ferreira que foi premiado na sección Tempo de Historia do festival de Valladolid, a Seminci.